CA4.4 Valorouse a orde e a limpeza das instalacións e dos equipamentos como primeiro factor de prevención de riscos.
CA4.5 Clasificáronse os residuos xerados para a súa retirada selectiva.
CA4.6 Cumpriuse a normativa de prevención de riscos laborais e de protección ambiental nas operacións realizadas.

#### 4.7.e) Contidos

Contidos
Circuíto de carga: compoñentes, constitución, características mecánicas e eléctricas, parámetros de funcionamento, verificacións e ensaios.
Tipos de alternadores e variantes evolutivas.
Comparativa estrela-triángulo.
Xestión intelixente da carga eléctrica.
Interpretación da documentación técnica do vehículo e dos equipamentos de medida.
Parámetros de funcionamento correcto dos conxuntos, os compoñentes e os elementos de cada sistema.

## Contidos

Disfuncións típicas dos sistemas e as súas causas.

Métodos de diagnóstico en casos de procesos guiados.

Interaccións presentadas entre sistemas.

Procesos de desmontaxe e montaxe dos sistemas.

Axuste de parámetros nos sistemas.

Procesos de mantemento dos compoñentes electrónicos.

Precaucións no mantemento dos sistemas de carga.

Riscos inherentes ao taller de electromecánica.

Medios de prevención.

Prevención e protección colectiva.

Equipamentos de protección individual.

Sinalización e seguridade no taller: fichas de seguridade.

Xestión ambiental: almacenamento e retirada de residuos.

**5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación**

## CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Os seguintes pesos dos baremos de cualificación son:

- PROBAS ESCRITAS 60%

- PRÁCTICAS E TRABALLOS 40%

Nas avaliacións parciais, a cualificación redondeará os decimais por defecto ao enteiro desa cualificación. Non obstante, para o cálculo da cualificación final do módulo será realizada a media ponderada das dúas avaliacións do curso tendo en conta todos os decimais desas cualificacións parciais, e tan só o resultado deste promedio será redondeado por defecto (os decimais teñen un valor inferior a 0,5) ou por exceso (os decimais teñen un valor igual ou maior a 0,5) ao enteiro máis próximo.

A nota media para aprobar será un 5

A nota mínima para facer media na parte escrita e na parte práctica será : un 3,5

## 6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

### 6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

O obxectivo principal deste Plan de Recuperación é que o alumno sexa capaz de desenrolar os obxectivos específicos de cada unidade didáctica que se requiren neste módulo.

O alumno/a que necesite recuperar algunha das Unidades Didácticas, terá oportunidade de facelo ó longo do curso, mediante probas escritas e prácticas que permitan avaliar os conceptos e as destrezas de cada U. D., sempre que non perderan o dereito á avaliación continua.

A nota de recuperación sólo será apto con un 5 en caso de aprobar.

Se non é quen de recuperar ao longo do curso as U.D pendentes, farase unha recuperación do módulo nunha proba extraordinaria na que deberá demostrar uns coñecementos e habilidades mínimas nunha proba teórico-práctica de dúas horas de duración.

As probas que se establezan desenrolaranse de acordo ós seguintes puntos:

TEÓRICOS: Control dos contidos das Unidades Didácticas non superadas.

PRÁCTICOS: Control práctico dos exercicios e/ou informes/memoria non superados.

NORMAS, ORDEN, COLABORACIÓN: Posibilidade de reforzar a nota ata un máximo dun punto. Mostrando unha actitude positiva e unha consciencia do respecto polo medioambiente e pola seguridade e saúde no traballo.

Se perdeu o dereito á avaliación continua a recuperación do módulo fará nunha proba extraordinaria teórico-práctica de tres horas de duración, que se desenvolverá de forma similar á anterior pero sen considerar a parte actitudinal porque carece de sentido. Os baremos a aplicar nestes exames serán os xa vistos, tendo en conta que no caso de perda da avaliación o punto de actitudinal pasaría ós conceptuais, sendo en todo caso necesario sacar mínimo un 3 en calquera das dúas partes para facer a media.

## 6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

Avaliación Extraordinaria (casos de Perdida de Dereito á avaliación continua por superar o 10% de faltas de asistencia e alumnado de 2º curso co módulo pendente).

Os alumnos e alumnas que se atopen nalgún destes casos mencionados, deberán superar unha proba teórica e outra práctica. As datas das probas comunicaranse con antelación suficiente no panel informativo do departamento. En primeiro lugar realizarase a proba teórica, e si se supera esta cunha nota superior a 5 puntos farase a proba práctica. Considérase superada cando o alumno/a realice a proba completa que está deseñada e prevista con tal fin, e obteña na mesma unha puntuación superior a 5 puntos.

No caso de non acadar avaliación positiva, o/a alumno/a debería, para podelo superar, formalizar unha nova matrícula (sempre que non teña esgotadas as convocatorias) e repetir toda as actividades de ensino-aprendizaxe do módulo.

## 7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

O seguimento da programación farase seguindo esta mesma aplicación informática e cando menos mensualmente.

Por cuanto a avaliación da práctica docente este centro dispón dun sistema de calidade que recolle a avaliación desta mediante enquisas respondidas polos alumnos como clientes do sistema educativo e que se considera suficiente.

Na hora de reunión de departamento que figura no horario do profesor farase un seguimento dos problemas cotiáns do proceso de ensinanza-aprendizaxe coa finalidade de atopar solucións prácticas ós mesmos. Mensualmente farase unha análise do cumprimento da programación nos seus distintos aspectos e buscando solucións aos problemas que xurdan. O avance da programación, problemas atopados no desenvolvemento da mesma, así como os comportamentos, actitudes e forma de enfrentarse a ela os alumnos constarán nas correspondentes actas do departamento.

Trimestralmente e como parte de cada avaliación no centro farase unha avaliación da programación na correspondente reunión de departamento. As conclusións que se saquen constarán nas correspondentes actas. Na avaliación final farase constas revisións que se consideren oportunas para incluílas na memoria final do curso así coma na programación do seguinte curso.

Anualmente. Cada final de curso realizarase unha actualización das correspondentes programacións adaptando as mesmas ás necesidades detectadas durante o curso e as novas tecnoloxías aparecidas neste período.

Os aspectos máis importantes a considerar serán:

Reformulación de obxectivos de forma que se cheguen a concretar en obxectivos didácticos.

Modificacións no distintos apartados para concretar na área as directrices do PEC e do PCC prestando especial atención ós contidos transversais.

Modificación dos contidos ou a súa secuencia para mellora-la efectividade da aprendizaxe.

Cambios ou melloras metodolóxicas.

O aproveitamento dos recursos TIC do centro.

## 8. Medidas de atención á diversidade

### 8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

#### DIRECTRICES E INSTRUMENTOS PARA A AVALIACIÓN INICIAL.

Co obxecto de coñecer as características e a formación previa de cada alumno/a así como as súas capacidades faráse unha avaliación inicial consistente nunha proba escrita, ou na observación sistemática durante os primeiros días de clase, con cuestións sobre coñecementos básicos de principios físicos, de matemáticas e algunha cuestión de redacción para constatar lo nivel do alumno antes de comezar o proceso de ensino-aprendizaxe e poder detectar algunha deficiencia ou carencia para así tomar as medidas pertinentes e poder solventala o antes posible.

Asemesmo farase tamén unha proba de coñecementos específicos do módulo para coñecer o nivel de coñecementos dos alumnos e ter un punto de partida. En todo caso, Tanto sexa mediante a realización de probas específicas como mediante a observación sistemática, a avaliación inicial deberá facilitar información sobre:

- O nivel dos coñecementos previos.
- Detección e precisión operativa dos erros específicos e/ou as dificultades observables.
- As habilidades na realización de inferencias e a utilización da memoria de traballo para relacionar os contidos novos cos anteriormente adquiridos.
- As estratexias cognitivas, especialmente a elaboración de ideas principais e secundarias, a realización de resumos, formulación de hipóteses, contestación a preguntas, resolución de problemas e tomas de decisión.
- As estratexias relacionadas coa autorregulación e a supervisión da aprendizaxe e as demais estratexias metacognitiva

No caso de coñecer aos alumnos do curso anterior obviarase a realización desta proba

Podemos atoparnos ao longo do curso cos seguintes casos:

a) Alumnado con problemas de conduta.- As características fundamentais dos problemas de conduta son:

- Fan referencia a un conxunto de condutas que, pola súa intensidade, frecuencia e duración deterioran significativamente o proceso de desenvolvemento persoal e social.
- O comportamento é avaliado como alterado en referencia a unha norma de idade ou evolutiva. O que xoga un papel adaptativo nunha idade pode resultar alterado noutra.
- A norma, para avaliar unha conduta como patolóxica, debe ter en conta as características do medio educativo, social e cultural ao que pertence a persoa, xa que a conduta é altamente influenciábel polo contorno.
- O comportamento alterado supón unha pauta condutual relativamente estable.
- A conduta alterada afecta de maneira significativa a relación do suxeito co medio social.

A conduta do profesor ante eses alumnos debe contemplar un fomento da autoestima. A autoestima consiste en vernos capaces de facerlles fronte aos desafíos da vida e sentirnos merecedores da felicidade. Ninguén que se desprece a si mesmo pode ser feliz. Hai que evitar tanto a sobreprotección como a falta de atención aos rapaces e rapazas. Integrando as seguintes actuacións:

- Eloxar sempre que haxa ocasión.
- Ensinar a eloxiar os outros.
- Evitar as críticas ácidas á globalidade da persoa, centrarse na conduta.
- Non proxectar os nosos desexos de adulto nas metas do xoven ou adolescente.
- Corrixir os erros construtivamente, dando alternativas.
- Estimular a consecución do éxito, valorando o esforzo tanto como o logro.
- Mostrarse interesado polas súas cousas.
- Facerlle saber que é aceptado e querido tal como é.
- Axudarlle a propoñerse metas realistas, non crear expectativas inalcanzables.
- Ensinarlle a respectar as normas e asumir responsabilidades.
- Facerlle ver as súas propias calidades e valores.
- Evitar comparacións, especialmente cos amigos e irmáns.
- Facelo consciente de que ninguén é perfecto e de que todo se pode mellorar.

Asimesmo a superación do autoritarismo e permisivismo esixe un estilo educativo que integre normas, diálogo e autonomía. Hai estratexias do profesorado que melloran a conduta do alumnado: conversación particular eloxiosa e estimulante, recoñecemento público de que o alumno está mellorando, eloxio público, corrección privada. Outros procedementos tenden a empeorar a conduta: manifestación pública de que o alumno ou alumna está empeorando, sarcasmo público ou privado, recriminación pública reiterada. En xeral, debemos corrixir en privado e felicitar en público. A conduta mellora se, ademais de á razón, atendemos tamén ás emocións e aos sentimentos do alumnado

a) Con problemas de aprendizaxe.-

O traballo de aula con estes alumnos rexerese polos seguintes principios:

- Fomentar unha aprendizaxe activa e construtivista.
- Diseñar un proceso de ensino-aprendizaxe significativo, elaborando os procesos de mediación necesarios.
- Facilitar a construción autónoma das aprendizaxes.
- Facilitar a conexión funcional das aprendizaxes mediante estratexias de prácticas coa comunidade.

- Fomentar o uso da aprendizaxe cooperativa e a participación en grupos sociais heteroxéneos.
- Fortalecer as vías de participación familiar mediante a acción da tutoría.
- Estimular o interese, as actitudes favorables, a superación e a solidariedade fronte ás dificultades.
- Promover o uso do vídeo, DVD ou o cine na aula.
- Potenciar as actividades de atención e de motivación.
- Establecer programas tutoriais de mellora do autoconcepto e da autoestima.
- Facilitar o uso de axendas de planificación de actividades de recuperación e seguimento.
- Deseñar plans sistemáticos de autoavaliación.

b) Con discapacidade intelectual.-

A consideración de discapacidade intelectual require da coexistencia de tres criterios relacionados entre si: a existencia dun funcionamento intelectual significativamente inferior á media, a presenza de dificultades en dúas ou máis habilidades adaptativas e que se manifeste antes dos 18 anos.

O funcionamento intelectual fai referencia a un nivel de intelixencia inferior ao medio. Ata hai ben pouco considerábase a intelixencia como unha capacidade innata e non modificable, o que supoñía que unha persoa, ou ben nacía intelixente, ou pouco se podía facer desde a educación por ela. Hoxe en día, a concepción da intelixencia achégase máis á consideración proposta por Gardner, que fala da existencia máis ca dunha capacidade xeral, dunha estrutura múltiple con sistemas cerebrais semiautónomos, pero que, pola súa vez, poden interactuar entre si. As implicacións desta concepción para o eido educativo son obvias. Se falamos da existencia de diferentes capacidades cognitivas, estamos dicindo que cabe a posibilidade de desenvolver unha destreza aínda que outras non se desenvolvan tanto, e que este feito pode redundar no incremento do conxunto da capacidade. As estratexias a desenvolver con este tipo de alumnado serán as seguintes:

- Traballar a autonomía persoal, xa que neste colectivo son moi acusados aspectos tales como a sobreprotección.
- Proporcionarlles un extra de motivación, xa que o esforzo que lles supoñen moitas tarefas fan que se incorporen ás actividades con maior dificultade.
- Axudarlles a construír unha autoestima axustada, xa que é un elemento fundamental para o equilibrio de calquera persoa, e máis cando conta con discapacidade, xa que teñen menos doado acadar polo reflexo, inconsciente ou non, que a sociedade proxecta sobre eles, e que eles si perciben con claridade.
- Ampliando as oportunidades que o medio lles proporciona, xa que, se estas son axeitadas, o seu pronóstico mellorará, agás que se trate de atrasos mentais progresivos

a) Con sobredotación intelectual.

Unha definición de consenso sería a que considera as persoas superdotadas como aquelas con capacidade cognitiva superior á da media da poboación da súa mesma idade, así como unha serie de características ou trazos determinados. Deste xeito, admitimos que a persoa intelixente *¿nace e faise¿*, así que podemos dicir que a intelixencia ten dous compoñentes: o innato (as distintas aptitudes) e o adquirido (adquisición de coñecementos e adestramento). A existencia desta característica non implica necesariamente un rendimento académico notable. Tamén aquí se presenta casos de fracaso escolar. O tratamento axeitado para estes casos é o seguinte:

- Precisa dunha ensinanza adaptada, cun enfoque multidisciplinar nun contexto educativo enriquecido e dinámico, estimulante para o seu desenvolvemento.
- Require do acceso a recursos e materiais adicionais, que deben ser planificados especificamente. Cómpralle ¿exibilidade no seu horario e nas súas actividades, polo que é conveniente que, cando sexa posible, deixemos que continúe co traballo ata que estea seguro e satisfeito coa tarefa realizada.
- Precisa participar moi activamente no proceso de ensinanza e aprendizaxe e ter a oportunidade de poder poñer en práctica as súas habilidades.
- Élle imprescindible un contorno no que se valoren as ideas creativas e orixinais, máis cá repetición dos contidos.
- Cómpralle un clima social no que se sinta aceptado, e precisa de orientación no manexo das relacións interpersoais e sociais

### 8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Aqueles alumnos/as con dificultades na ensinanza-aprendizaxe, prestaráselle especial atención, non só contemplando o aspecto individual senón tamén o tipo de ensinanza que se lles proporciona. Debe terse en conta o principio de "deseño para todos" nas actividades previstas.

En canto as medidas concretas a adoptar, optaremos pola modificación de determinados aspectos metodolóxicos debido a que a procedencia do alumnado pode ser diversa (PCPI, ESO, Bacharelato, etc).

Mediante unha avaliación inicial detectaremos os aspectos, carencias ou dificultades de tipo académico ou psico-físicas. Se as dificultades son de tipo académico preveráanse medidas de reforzo axeitadas, e se as dificultades fosen de tipo psico-físicas adoptaranse medidas en colaboración co departamento de orientación do centro educativo para tomar as medidas oportunas. Debemos ter en conta tamén medidas de ampliación para atender a aqueles alumnos que superaron amplamente os resultados de aprendizaxe das unidades didácticas. Por tanto as medidas a tomar poden ser as seguintes:

Medidas de reforzo :

- Atención mais personalizada polo profesor.
- Exercicios complementarios mais sinxelos.
- Exercicios de consolidación unha vez acadados os contidos.
- Medidas orientadoras e tutoriais individualizadas.
- Lectura de material complementario que se atope na aula (libros de divulgación sobre o tema tratado, documentación técnica, catálogos, etc.), e que poderán levar prestados para a casa.

Medidas de ampliación:

- Exercicios complementarios mais esixentes de forma individual ou en pequeno grupo (exercicios e instalacións máis complexas).
- Profundización no coñecemento e aplicación de diferentes sistemas.
- Iniciación o coñecemento de novos sistemas.

Daráñse explicacións para os distintos niveis que existen na clase (expoñendo ordenadamente os conceptos , incluíndo exemplos que teñan relación coas experiencias de alumnos, manexo de ferramentas, demostracións prácticas, etc.) de maneira que dita explicación teña distintos niveis de profundidade.

Integración de alumnos/as con necesidades educativas especiais en grupos de traballo mixtos e diversos, co obxecto de que en ningún momento se poidan sentir discriminados, ó mesmo tempo que o profesor lles subministrará o apoio que demanden así como o estímulo que considere oportuno co obxecto de reforzar esa integración.

As actividades traballaranse desde distintos niveis de partida, ofrecendo en cada ocasión unha posibilidade de desenvolvemento en función do nivel de partida.  
Adaptación da programación, delimitando aqueles contidos que sexan imprescindibles, así como aqueles que contribúan ó desenvolvemento de obxetivos xerais do ciclo.  
Asemade o alumno dispón dunha hora de tutoría para resolver problemas de forma individual.  
Tamén se habilitarán horas de atención durante as OAS en momentos nos que non se teñen clase.

## 9. Aspectos transversais

### 9.a) Programación da educación en valores

#### MEDIDAS DE EDUCACIÓN EN VALORES

O profesor ademais de instructor e transmisor de coñecementos técnicos, é educador e debe colaborar na formación integral do alumno. Debe polo tanto proporcionar unha información máis completa indo máis alá dos contidos propios do módulo, introducindo en cada unidade un conxunto de coñecementos transversais en paralelo cos de tipo técnico.

Os posibles temas transversais son:

#### 1.- NO ÁMBITO PROFESIONAL.

- a) Fomento do traballo en equipo: Cada día máis no ámbito profesional necesitanse equipos que dende unha especialización profesinal individual se afronten en equipo aqueles aspectos interdisciplinares. Para promover estas actitudes crearanse equipos de traballo para realizar as prácticas de obradoiro. Os equipos de traballo integraránse por aqueles alumnos que presenten unha maior diferenza tanto en coñecementos previos como en habilidades favorecendo un auténtico APRENDIZAXE COOPERATIVO.
- b) Orgullo profesional polo traballo ben feito: Fomentarase no alumnado o orgullo profesional polo traballo ben feito, facendolle comprender o alumno a importancia deste tanto para o bon funcionamento da sociedade e da economía como para unha promoción persoal. Desterro das malas prácticas. Crear mala imaxe da ¿chapuza¿.
- c) Seguridade e saúde laboral: Promoverase o máximo rigor en temas de seguridade, esixindo a utilización dos EPIS. Desterrando prácticas inseguras. Sobre todo facendolles entender aos alumnos que os máis perxudicados cando se produce un accidente son os traballadores.
- d) Responsabilidade: O mantemento e reparación de vehículos conleva un dose importante de responsabilidade pois implica o mantemento de sistemas de seguridade no vehículo. Formarase o alumno facendo fincapé nestes aspectos ate conseguir un sentimento de responsabilidade no traballo.
- e) Orde e limpeza: O orde e a limpeza non é sómente unha fórmula eficaz de prevención de riscos laborais, tamén e un valor en si mesmo que potencia a produtividade e o benestar no traballo.
- f) Mantemento de equipos e instalacións: Faraselle entender o alumno que o material e as instalacións son para uso e disfrute non somentes del, se non tamén dos futuros alumnos e que o seu respecto e conservación e absolutamente necesario. Formando desta maneira para unha futura practica profesional axeitada. O alumno debe comprender o ventaxoso de ter un equipo debidamente conservado.

#### 2.-NO ÁMBITO GLOBAL

- a) Educación moral e cívica: fomento de actitudes de respecto cara os demais, fomento de actividades de traballo en equipo. Trabállase tamén na valoración e conservación dos equipos, materiais e

instalacións do centro coas que se traballa

- b) Educación para a paz: buscarase favorecer a colaboración entre os alumnos, o respecto polas opinións, ideas, solucións e modos de traballos distintos ós propios.
- c) Educación para a igualdade entre os sexos: fomentarse o trato non discriminatorio, particularmente nas actividades desenvoltas no taller, evitando perpetuar a idea tradicional da existencia de roles de traballo e profesións exclusivamente masculinos. Promoverase a análise crítica de certos estereotipos que ubican á muller no mundo do automóbil coma un suxeito meramente publicitario. Evitarase o uso de linguaxe sexista e inculcaranse valores que produzan un cambio en actiudes a partir da colaboración entre sexos nos grupos de traballo
- d) Educación ambiental: nesta materia o tema trátase, non tanto como un contido transversal, senón incluído explícitamente na programación, na meirande parte das unidades de traballo, de xeito que comprenda a interrelación entre as actividades propias do módulo e as súas repercusión sobre o medio ambiente.
- e) Educación para a saúde: deberase asumir como integrante de todos os contenidos do módulo, e posto que as actividades a desenvolver, son unha fonte de riscos importantes, deberase fomentar o coñecemento dos mesmos, así coma dos hábitos e medidas de precaución e seguridade, tanto persoais como de uso, para evitar danos derivados das mesmas
- f) Educación do consumidor: aínda que non se trate explícitamente en nengunha unidade débese procurar ó alumnado instrumentos de coñecementos, análise e crítica que o capaciten para adoptar unha actitude responsable ante ofertas de diferentes tipos (especialmente na propaganda de vehículos) tendo en contaas consecuencias persoais e sociais que conleva o consumo irresponsable.
- g) Educación vial: promoverse o análise crítico de certas actitudes e comportamentos que contraveñen as normas de circulación (excesos de velocidade , relación alcohol-condución,), poñendo en perigo a integridade persoal e allea. Buscarase tratar o tema implícitamente en todas as unidades de traballo

Todos estos temas de carácter transversal estarán presentes na aula-taller en todo momento e en cada unha das U.D.

### 9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Proporase que o alumnado pertencente a este grupo participe nas actividades que se programarán para este curso.

Entre outras actividades proporanse para participar en excursións que teñan que ver con visitas a fabricas ou talleres do sector como viaxes a Citroën, mostras de ensino, xornadas e mostras propias do sector.

Motivarase a participación en actividades ou concursos relativos ao sector, como por exemplo os de Toyota.

Asemade participará nas xornadas sobre emprendemento que o departamento de orientación realiza.

## 10. Outros apartados

### 10.1) Bibliografía

Aínda que non existe un texto que se adapte plenamente os contidos e nivel, recoméndanse o seguintes manuais:

Sistemas de carga e arranque de Esteban José Domínguez Soriano (Autor), Grafilia Ilustración SL (Ilustrador), & 1 más. Editorial Editex. ISBN-13 : 978-8491610113

Sistemas de carga y arranque de la editorial MacMillan, ISBN 978-84-16653-02-7

Documentación da plataforma da Aula Virtual.

### 10.2) Non presencialidade

Se fora o caso, por mor da evolución da pandemia do Covid-19, de ter que optar pola docencia non presencial, se abordarán unicamente aqueles criterios de avaliación de carácter conceptual ou aqueles que, sendo de carácter procedimental, se poidan traballar por medio de supostos prácticos e que se podan avaliar por medio de unha proba escrita.